

EXPEDIENTE:	2022/00043485T
PROCEDEMENTO:	Aprobación das bases de subvencións (FP)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 13 de novembro de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Concesión da Convocatoria de Axudas destinadas a Apoiar ás Empresas de Economía Social de Santiago de Compostela 2022

A proposta é do seguinte teor literal:

#### ANTECEDENTES

A xunta de Goberno Local aprobou, na sesión do 11 de outubro de 2022, as bases reguladoras da "CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" cuxo extracto foi publicado no BOP da provincia da Coruña con data de 18 de outubro de 2022.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, recíbense un total 18 solicitudes. Con data de 8 de novembro de 2022 dando cumprimento ao establecido na base 10ª das bases reguladoras da CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA remítense ás empresas que non presentaron a documentación completa, requerimentos de subsanación.

A totalidade das empresas presentaron a documentación requirida, polo que os seus expedientes resultaron completados en prazo.

Revisada a totalidade da documentación concluímos:

1. Que a totalidade das empresas cumpren cos requisitos establecidos na base 3ª para ser beneficiaria da subvención.
2. Que todas elas teñen unha puntuación superior a 4 puntos conforme co establecido na base 4ª.
3. Que todas elas realizan os gastos subvencionables entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro conforme establece a base 5ª.
4. Que non figura, ademáis, ningún desestimento de ningúnha persoa solicitante.
5. Que a totalidade das persoas solicitantes se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.
6. Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, as persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos válidos para acceder á subvención.
7. Realizouse a comprobación e cotexo documental nos termos establecidos nas Bases da convocatoria de axudas, constando no expediente informes da Oficina de Promoción Económica individualizados para cada expediente
8. As empresas xustificaron a totalidade da subvención polos importes indicados en cada caso.
9. Non ten sido ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións contra ningunha das empresas beneficiarias.

10. Non ten sido acordada polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ás empresas beneficiarias, referidos á mesma subvención

Incorpórase ao expediente con data de 29 de novembro de 2022 certificado expedido polo Vicesecretario do Concello de Santiago no se pon de manifesto que:

1) Realizouse a comprobación e cotexo documental nos termos establecidos nas bases da convocatoria de axudas, nas empresas que se relacionan.

2) Comprobouse nas empresas que se relacionan, o establecido no artigo 88.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, nestes termos:

- Xustificou a totalidade da subvención cuxa concesión se propón, acadando a contía xustificada nos importes que se indican.

- Non se ditou resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao seu cobro por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral

- de subvencións.

- O órgano concedente da subvención non acordou, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos á mesma subvención.

3) En atención á comprobación realizada, ao cotexo da documentación aportada e as manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, nas persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos válidos para acceder á subvención.

Con data de 30 de decembro de 2023 o departamento de Intervención emite informe suspensivo da aprobación da resolución, non sendo posible por parte do departamento de Promoción Económica contestar ao mesmo e continuar a tramitación do expediente no ano 2022, non podendo polo tanto realizarse a aprobación da resolución, concesión e pagamento das citadas axudas no exercicio 2022 por falta de tempo material.

Dita circunstancia non debería afectar ás empresas solicitantes da convocatoria de axudas, polo que urxe proceder á pertinente modificación orzamentaria que permita a aprobación da resolución, concesión e pagamento das citadas axudas que na súa totalidade ascenden a 86.898 euros, con cargo á partida orzamentaria 010 43300 4790002 DESENV EMPRESARIAL.TRANSF CORRENTES A EMPRESAS dos orzamentos municipais do ano 2023.

Tendo en conta o exposto, tramitouse unha modificación orzamentaria para a súa aprobación en Pleno Municipal da habilitación de crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía total de 250.000,00 € na partida 010 43300 4790002 para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de Promoción económica (CX 34) de necesidade de continuar a tramitación do expediente de "RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" no marco da convocatoria aprobada na sesión do 11 de outubro de 2022 polo xunta de Goberno Local "CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR ÁS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" cuxo extracto foi publicado no BOP da provincia da Coruña con data de 18 de outubro de 2022, estando a día de hoxe aprobada e en vigor esta modificación orzamentaria e incorporado o crédito á partida correspondente.

Incorpórase ao expediente operación contable RC por importe de 86.898,00€ con data de 19 de xullo de 2023 e número de operación 01/2023 – 220230018544

Incorpórase ao expediente certificados de estar ao corrente en débedas actualizados para todas as empresas beneficiarias das axudas

Con data de 31 de xullo de 2023 recíbese dilixencia de rexeitamento do informe proposta de aprobación de axudas por parte do departamento de fiscalización por presentarse erros na sinatura electrónica do documento contable. Solicítase novamente ao departamento de contabilidade a incorporación da operación contable correctamente asinada que se incorpora ao expediente con data de 21 de agosto de 2023.

En relación ás consideracións expostas no Informe de Intervención número 2092/2022, que ten que ver coa fiscalización limitada previa do expediente relativo á resolución e xustificación da convocatoria de axudas destinadas a empresas para actuacións en materia de economía social para o ano 2022, A Oficina de Promoción Económica expón no seu informe proposta de levantamento de reparo de data 27 de outubro de 2023 o seguinte:

1-Con carácter xeral, consta informe do departamento de promoción económica no que se avalían os xustificantes incluídos en cada expediente xustificativo, sen embargo, os relativos aos expedientes “Strelia”, “Aspas Emprego SL”, “Culturactiva”, están sen asinar, polo que previa aprobación do expediente, deberán ser emendados. Para a subsanación deste punto incorporamos os informes dos mencionados expedientes correctamente asinados.

2. No expediente de “Compostela Inserta”, consta, entre outras, factura correspondente á construción e instalación dunha rampa para vehículo por 3.423,60 euros, sinalándose en dito informe de promoción económica, que: “Nesas facturas, existen algunhas delas que poderían considerarse como investimentos, tales como a compra dunha rampa para o camión, a compra de contedores e bidóns, ou a compra dunha tablet. Sen embargo, a empresa presenta a xustificación de que esos conceptos están contabilizados como gastos nas contas contables que segundo as bases reguladoras das axudas, resultan subvencionables”.

Non compartimos o criterio do departamento xestor, dado que a natureza dos créditos que financian o gasto non amparan gastos de natureza inventariable.

Por outro lado, neste expediente son tan numerosas as facturas que non resultan lexibles, que non podemos acreditar que as mesmas sexan correctas ou se os gastos son subvencionables ao abeiro dos créditos que o financian.

Dado que no informe, para determinar o importe que lle corresponde a esta entidade, se fai referencia ás subvencións que ten concedidas, entendemos que previa aprobación do expediente, procede realizar os axustes correspondentes en orde a non incluír nesta xustificación as facturas ilexibles nin as correspondentes a gastos que non poden ser subvencionables ao abeiro da convocatoria.

No relativo aos gastos subvencionables, concretamente ás facturas que poderían considerarse investimentos, e tendo en conta o que establece a base 5ª das axudas na que se definen os gastos subvencionables, adoptamos o noso criterio en función da contabilización das citadas facturas.

Segundo isto, procedemos a verificar, posto que non era de obrigada presentación, a contabilidade do solicitante aos efectos de determinar se as facturas estaban contabilizadas coma investimentos, ou coma gastos nas contas subvencionables que establece a base 5ª.

Unha vez que verificamos esta circunstancia, procedemos a consideralas como gastos subvencionables e non nos corresponde, por tanto, realizar corrección algunha.

Por outra banda, efectivamente no expediente inicial existen facturas que non son lexibles, motivo polo cal foille requerido á empresa para a súa subsanación. O

solicitante aportou como documentación adicional as facturas perfectamente visibles. Achegamos arquivo coa totalidade das facturas correctamente presentadas.

3. Expediente de “Rayadas S. Coop. Galega”. Non podemos vincular as facturas en concepto de materiais cos pagos das mesmas, dado que se informa que os pagos son acumulativos a final de mes, e nos mesmos non atopamos referencia á factura ou facturas que abonan.

No caso da empresa Rayados S.Coop. Galega, o importe dos gastos tanto alegados coma xustificados supera con moito ao importe preciso para obter os 5.000 euros de subvención concedida. Achegamos con este informe nóminas e xustificantes de pago das mesmas por importe de 7.000 euros. A plataforma de presentación de documentación obriga moitas veces ás empresas interesadas a reducir a calidade dos documentos aportados para non exceder o límite en tamaño dos documentos que ten a propia plataforma, o que condiciona logo a lexibilidade dos mesmos.

4. Expediente “Gaia dos nenos”, os pagos das nóminas se xustifican por transferencia, pero ao achegarse un único xustificante de transferencia por mes da totalidade das nóminas, non podemos identificar aos destinatarios do mesmo.

No caso do expediente de Gaia dos Nenos, achegamos factura de gastos subvencionables e xustificante de pagamento por importe de 6,290 euros máis IVE, o que resulta un total de factura e de pagamento de 7,610,90 euros.

5. O expediente “Aspas Emprego SL”, contén unha solicitude que ou ben está sen asinar, ou non resulta visible. Ao fío do disposto no punto 3 deste apartado, neste expediente a documentación xustificativa se incorpora á actuación relativa a “Documento de identidade da representación”, o que non se considera correcto e dificulta a visualización do expediente.

No caso do expediente de Aspas Emprego, o formulario de solicitude non é que estea sen asinar, senón que aínda que non hai unha marca visible na solicitude, a solicitude está asinada dixitalmente como se pode verificar no documento presentado.

Por outra banda, neste expediente, como en tantos outros, a documentación xustificativa se incorpora á actuación relativa a “Documento de identidade da representación”, pero esta é unha actuación que realiza o solicitante no momento de presentar e anexar a documentación a través da web do Concello. Neste sentido, temos recibido numerosas queixas e dúbidas dos solicitantes á hora de subir documentación a través deste procedemento.

Entendemos cando un solicitante presenta documentación dun determinado xeito, non podemos modificar esa presentación telemática.

En calquera caso e para facilitar o proceso de revisión de documentación por parte do departamento de intervención incorpóranse ao expediente como documentos anexos para facilitar a súa revisión a documentación das empresas unificada nun único arquivo e 3 arquivos coa documentación que presentaba incidencias e que foi referida no informe de Intervención número 2092/2022.

6. Igualmente, constan algúns xustificantes de gasto que se corresponden con períodos non subvencionables.

En relación a este punto, deixase constancia no informe proposta para adopción de resolución de levantamento de reparo emitido pola oficina de Promoción Económica con data de 27 de outubro de 2023 de que nos expedientes de solicitude de axudas se presenta moita documentación xustificativa que, ben é relativa a gastos que non son subvencionables, a gastos que non están correctamente xustificados, ou ben a gastos ou facturas que están fóra de prazo. Sen embargo, o que verificamos é que haxa suficiente

investimento subvencionable e correctamente xustificado para que o beneficiario poida recibir a contía de subvención que lle corresponda

## CONSIDERACIÓNS

Normativa de aplicación:

1. Bases de execución do orzamento municipal.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
4. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
6. Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tal e como se establece na base 11<sup>a</sup>, á vista da avaliación efectuada formularase, por parte de Alcaldía, proposta de resolución na que se indicarán as empresas beneficiarias, o importe correspondente de axuda, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

O resultado da fase de instrución conclúe cun total de 18 expedientes que son susceptibles de percibir a subvención. Asimesmo, existen supostos nos que as contías concedidas sofren diminución respecto das contías solicitadas polos motivos que se indican para cada expediente en concreto.

As puntuacións outorgadas e proposta de subvención a outorgar son:

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITADO	CONCEDIDO	PUNTUACIÓN	MINORACIÓN
2022/0004946 2C	SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GAL	F7XXX824	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004947 0M	CONSERVATORIO HIST. DE SANTIAGO S COOP GAL	F7XXX376	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/0004947 3P	MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA	F7XXX549	14.504,29	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000

							euros que establece a convocatoria
2022/0004947 5X	FLYING FUN S.COOP.GAL	F1XXX672	3.777,54	3.593,63	6,00		Gastos non subencionables
2022/0004950 0N	ABELURIA S. COOP. GALEGA	F7XXX947	5.000,00	5.000,00	6,00		
2022/0004950 3S	NELINES S COOP GALEGA	F7XXX398	12.642,90	5.000,00	7,00		Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004950 4Q	ENTRELAMPO	G7XXX571	6.784,82	5.000,00	6,00		Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004950 5V	COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE INSERCION LABORAL SL	B7XXX771	5.160,60	3.304,37	6,00		Gastos non subencionables
2022/0004950 7L	COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA	F0XXX282	20.500,00	5.000,00	7,00		Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004950 8C	RAYADOS S.COOP.GALEGA	F7XXX113	5.000,00	5.000,00	7,00		
2022/0004951 0E	STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA	F7XXX698	9.645,15	5.000,00	5,00		Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004951 3W	7H SOCIEDADE COOP GALEGA	F7XXX302	7.522,67	5.000,00	6,00		Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria

						a
2022/0004951 8F	GAIA DOS NENOS S. COPP GALEGA	F7XXXX779	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/0004951 9P	ROSTROS Y MAS S. COOP GALEGA	F7XXXX517	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004952 0D	ASPAS EMPREGO, S.L.	B7XXXX08 3	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/0004952 2B	CULTURACTIVA S. COOP GALEGA	F1XXXX067	27.228,2 5	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004952 3N	ARTEFEITO PRODUCTIONS, S.COOP.GALEGA	F7XXXX763	14.705,5 3	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004952 4J	NUMAX S COOP GALEGA	F7XXXX490	5.000,00	5.000,00	6,50	

Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, as persoas propostas como beneficiarias cumpren cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiarias destas axudas.

### PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

**Primeiro:** De acordó coa Resolución de Alcaldía 2023/13120 resolver a discrepancia e o reparo que contén o Informe de Intervención número 2092/2022, que ten que ver coa fiscalización limitada previa do expediente relativo á resolución e xustificación da convocatoria de axudas destinadas a empresas para actuacións en materia de economía social para o ano 2022.

**Segundo** Aprobar ante a Xunta de Goberno Local a Aprobación da concesión, xustificación e pagamento das axudas, ás empresas e polos importes relacionados a continuación que suman un total de 86.898 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 2023 010 43300 4790002 DESENV EMPRESARIAL. TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS dos orzamentos municipais de 2023

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITADO	CONCEDIDO	PUNTUACIÓN	MINORACIÓN
2022/0004946 2C	SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GAL	F7XXX824	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004947 0M	CONSERVATORIO HIST. DE SANTIAGO S COOP GAL	F7XXX376	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/0004947 3P	MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA	F7XXX549	14.504,29	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004947 5X	FLYING FUN S.COOP.GAL	F1XXX672	3.777,54	3.593,63	6,00	Gastos non subencionables
2022/0004950 0N	ABELURIA S. COOP. GALEGA	F7XXX947	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004950 3S	NELINES S COOP GALEGA	F7XXX398	12.642,90	5.000,00	7,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004950 4Q	ENTRELAMPO	G7XXX571	6.784,82	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004950 5V	COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL SL	B7XXX771	5.160,60	3.304,37	6,00	Gastos non subencionables
2022/0004950 7L	COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA	F0XXX282	20.500,00	5.000,00	7,00	Excede a subvención máxima de 5.000



						euros que establece a convocatoria
2022/0004950 8C	RAYADOS S.COOP.GALEGA	F7XXXX113	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/0004951 0E	STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA	F7XXXX698	9.645,15	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004951 3W	7H SOCIEDADE COOP GALEGA	F7XXXX302	7.522,67	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004951 8F	GAIA DOS NENOS S. COPP GALEGA	F7XXXX779	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/0004951 9P	ROSTROS Y MAS S. COOP GALEGA	F7XXXX517	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004952 0D	ASPAS EMPREGO, S.L.	B7XXXX08 3	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/0004952 2B	CULTURACTIVA S. COOP GALEGA	F1XXXX067	27.228,2 5	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004952 3N	ARTEFEITO PRODUCTIONS, S.COOP.GALEGA	F7XXXX763	14.705,5 3	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004952 4j	NUMAX S COOP GALEGA	F7XXXX490	5.000,00	5.000,00	6,50	

**Terceiro** Dar traslado deste acordó ás empresas interesadas.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro:** De acordó coa Resolución de Alcaldía 2023/13120 resolver a discrepancia e o reparo que contén o Informe de Intervención número 2092/2022, que ten que ver coa fiscalización limitada previa do expediente relativo á resolución e xustificación da convocatoria de axudas destinadas a empresas para actuacións en materia de economía social para o ano 2022.

**Segundo** Aprobar ante a Xunta de Goberno Local a Aprobación da concesión, xustificación e pagamento das axudas, ás empresas e polos importes relacionados a continuación que suman un total de 86.898 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 2023 010 43300 4790002 DESENV EMPRESARIAL. TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS dos orzamentos municipais de 2023

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	SOLICITAD O	CONCEDID O	PUNTAU CIO N	MINORACIÓN
2022/0004946 2C	SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S COOP GAL	F7XXX824	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004947 0M	CONSERVATORIO HIST. DE SANTIAGO S COOP GAL	F7XXX376	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/0004947 3P	MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA	F7XXX549	14.504,2 9	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatori a
2022/0004947 5X	FLYING FUN S.COOP.GAL	F1XXX672	3.777,54	3.593,63	6,00	Gastos non subciona bles
2022/0004950 0N	ABELURIA S. COOP. GALEGA	F7XXX947	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004950 3S	NELINES S COOP GALEGA	F7XXX398	12.642,9 0	5.000,00	7,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatori a
2022/0004950 4Q	ENTRELAMPO	G7XXX57 1	6.784,82	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000

						euros que establece a convocatoria
2022/0004950 5V	COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL SL	B7XXXX77 1	5.160,60	3.304,37	6,00	Gastos non subvencionables
2022/0004950 7L	COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA	F0XXXX282	20.500,00	5.000,00	7,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004950 8C	RAYADOS S.COOP.GALEGA	F7XXXX113	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/0004951 0E	STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA	F7XXXX698	9.645,15	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004951 3W	7H SOCIEDADE COOP GALEGA	F7XXXX302	7.522,67	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004951 8F	GAIA DOS NENOS S. COPP GALEGA	F7XXXX779	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/0004951 9P	ROSTROS Y MAS S. COOP GALEGA	F7XXXX517	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/0004952 0D	ASPAS EMPREGO, S.L.	B7XXXX08 3	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/0004952 2B	CULTURACTIVA S. COOP GALEGA	F1XXXX067	27.228,25	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/0004952 3N	ARTEFEITO PRODUCTIONS, S.COOP.GALEGA	F7XXXX763	14.705,53	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a

						convocatori a
2022/0004952 4J	NUMAX S COOP GALEGA	F7XXXX490	5.000,00	5.000,00	6,50	

**Terceiro** Dar traslado deste acordó ás empresas interesadas.